

ADAPTACIÓN DA
PROGRAMACIÓN DA 3ª
AVALIACIÓN

1º PRIMARIA

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| B1.1 B Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión. | PLEB1.1 Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. |
| B2.1 Falar de si mesmo/a e de persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos achegando información moi fundamental: idade, nome, gustos, usando expresións e frases moi sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos. | PLEB2.1 .Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles. |
| B3.1 Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital. | PLEB 3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados |
| B 4.1 Escribir textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. | PLEB 4.1 Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e súa vida cotiá. |
| B. 5.11 Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos. | 5.12 Comprende e usa adecuadamente o vocabulario traballado previamente. |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|-----------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Avaliación | <p>Procedementos:</p> <p>Os procedementos para levar a cabo a avaliación serán probas escritas e traballos individuais realizados a través do blogue, sempre tendo en conta as probas escritas, orais, traballos individuais e en grupo e o traballo na aula levado a cabo durante a 1ª e a 2ª avaliación.</p> |
| | <p>Instrumentos:</p> <p>Resolución de exercicios, realizacións de fichas e preguntas ou cuestións realizadas a través de aplicacións online (Educaplay) e traballos individuais. Así mesmo, teranse en consideración os exercicios, fichas, tests, lecturas e presentacións, traballos en grupo e o caderno do alumnado levados a cabo durante a 1ª e 2ª avaliación.</p> |
| Cualificación final | <p>A nota da avaliación final calcularase da seguinte forma:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Nota media da 1ª, 2ª e 3ª avaliación. - Os resultados da 3ª avaliación sempre sumarán, pero un máximo dun 20% sobre as dúas anteriores. <p>O alumnado poderá subir a nota media das avaliacións anteriores do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realización das tarefas no período de tempo solicitado. - Calidade das tarefas entregadas (comprensión e expresión). - Comprensión dos contidos. - Aplicación das correccións recibidas nas seguintes tarefas. |
| Proba extraordinaria de setembro | Non procede. |
| Avaliación de materia pendentes | <p>Criterios de avaliación:</p> <p>O alumnado cunha cualificación negativa na 1ª e 2ª avaliación realizará as tarefas propostas e outras actividades optativas de reforzo que se marcarán semanalmente.</p> |
| | <p>Criterios de cualificación:</p> <p>O alumnado poderá subir a nota das avaliacións anteriores sempre e cando cumpra as seguintes condicións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realización das tarefas no período de tempo solicitado. - Calidade das tarefas entregadas (comprensión e expresión) - Comprensión dos contidos. - Aplicación das correccións recibidas nas seguintes tarefas. |
| | <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Os procedementos para levar a cabo a avaliación serán probas escritas e traballos individuais realizados a través do blogue, sempre tendo en conta as</p> |

probas escritas, orais, traballos individuais e en grupo e o traballo na aula levado a cabo durante a 1ª e a 2ª avaliación.

Instrumentos:

Resolución de exercicios, realizacións de fichas e preguntas ou cuestións realizadas a través de aplicacións online (Educaplay) e traballos individuais. Así mesmo, teranse en consideración os exercicios, fichas, tests, lecturas e presentacións, traballos en grupo e o caderno do alumnado levados a cabo durante a 1ª e 2ª avaliación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|----------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Actividades | Para dar continuidade ao traballo en Lingua estranxeira: inglés, procedeuse á creación dun blogue na plataforma blogger, cun enlace na web oficial do centro educativo. Neste blogue, dúas veces por semana, súbense actividades de reforzo e ampliación que abarcan as catro destrezas básicas da lingua inglesa (listening, speaking, reading and writing). |
| Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade): | A metodoloxía empregada co alumnado con conexión, a práctica totalidade do alumnado deste grupo, inclúe actividades lúdicas, como xogos online e vídeos, así como diferentes tarefas centradas nos contidos e no vocabulario das unidades didácticas que o alumnado estaba desenvolvendo na escola. No caso do alumnado sen conectividade, as actividades son comunicadas a través da plataforma Tokapp School e por medio da entrega dun dossier de actividades. |
| Materiais e recursos | Continuaremos traballando co libro de texto que se emprega neste curso Go! 1 (Richmond), para suplir a falla de recursos de impresión dalgunhas familias. Así mesmo, propóranse actividades interactivas extra, así como xogos, retos, actividades audiovisuais, entre outros. |

4. Información e publicidade

| | |
|----------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Información ao alumnado e ás familias | Empregaranse de diversas canles de comunicación: <ul style="list-style-type: none"> - Correo electrónico. - A aplicación de mensaxería instantánea da plataforma TokApp School. - Teléfono. - Solución de dúbidas a través de comentarios no blogue (https://inglesynatu.blogspot.com/). |
|----------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

| | |
|--------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| | - Páxina web do centro educativo. |
| Publicidade | Publicaranse as novas na web do centro educativo (https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantamariafonsagrada/), así como no blogue empregado para marcar actividades (https://inglesynatu.blogspot.com/) e a través da aplicación de mensaxería instantánea Tokapp School. |